# 4 Calidade de vida e benestar social


4.1. Saúde

4.2. Pobreza e cohesión social

4.3. Cobertura social

4.4. Medio ambiente e desenvolvemento sostible

4.5. Ocio e cultura

# 4.1. Saúde

O Capítulo 4 da Memoria económica e social de Galicia está dedicado a análise da calidade de vida e o benestar social da poboación; sendo a saúde o principal factor determinante do benestar social. Este primeiro apartado dedícase por tanto, a analizar o sistema sanitario e a saúde da poboación en Galicia, así como o acceso da mesma aos servizos sanitarios.

Dende un punto de vista cuantitativo e estatístico, a análise da saúde da poboación realizase tendo en conta indicadores de saúde propiamente ditos, indicadores de centros sanitarios, as doazóns e transplantes e, por último, indicadores de gasto sanitario público.

Os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2020 destinan 3.987,8 millóns de euros á sanidade, un 3,1% máis que o no orzamento homoxeneizado co ano anterior. Considerando un horizonte temporal máis amplo, o descenso dos recursos orzamentarios dedicados á sanidade (función 41) como consecuencia do impacto da crise económica (-1,1% de media anual acumulativa entre os anos 2008 e 2014) é superado polo incremento experimentado a partir de 2014, de tal xeito que o orzamento inicial dedicado en 2020 é un 12,9% superior ao dedicado en 2008.

Na clasificación que se segue nos orzamentos dos bens públicos de carácter social a sanidade acolle o 58,7% dos créditos totais, porcentaxe similar á do ano anterior. No que atinxe á distribución do gasto nos cinco programas integrados dentro da función 41.- Sanidade, o **cadro 4.1.2.** mostra que o orzamento para os programas de Atención hospitalaria e primaria, programas 412A e 412B, acenden a 2.616,4 e 1.294,8 millóns de euros respectivamente para o ano 2020, o que representa en conxunto en torno ao 95% do orzamento consolidado inicial para sanidade.

A atención hospitalaria, en base aos créditos recoñecidos no orzamento inicial de gasto, concentra o 64% dos recursos da Sanidade no orzamento inicial, 7,3 puntos por riba do rexistrado en 2008, porcentaxes que duplican o gasto inicial na atención primaria, cun 31,5%, máis de seis puntos porcentuais por baixo respecto a 2008.

A política sanitaria cada vez ten máis presente a nece-

**Orzamento de gastos da Administración Xeral 2019-20. Produción de bens públicos de carácter social** (1)

| | 2019 | 2020 | 20/19 |
|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | | *(%)* |
| **Total** | 6.422.307 | 6.638.182 | 3,4 |
| **4.1Sanidade** | 3.782.335 | 3.897.761 | 3,1 |
| **4.2 Educación** | 2.351.577 | 2.456.529 | 4,5 |
| **4.3 Cultura** | 71.990 | 74.735 | 3,8 |
| **4.4 Deportes** | 24.259 | 25.257 | 4,1 |
| **4.5 Vivenda** | 83.519 | 72.219 | -13,5 |
| **4.6 Outros servizos comunitarios e sociais** | 108.627 | 111.681 | 2,8 |

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

## 4.1.1.

**Orzamento consolidado dentro da función 41.- Sanidade. Distribución por programas** (1)

| | 2008 | 2014 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 20/19 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *(en miles de euros)* | | | | |
| **41.- Sanidade** | 3.638.876 | 3.397.080 | 3.611.492 | 3.858.817 | 3.985.498 | 4.107.324 | 3,1 |
| **411A.- Dirección e servizos xerais de sanidade** | 88.835 | 78.021 | 53.963 | 53.761 | 56.757 | 62.306 | 9,8 |
| **412A.- Atención hospitalaria** | 2.050.910 | 2.047.272 | 2.274.713 | 2.466.538 | 2.551.665 | 2.616.408 | 2,5 |
| **412B.- Atención primaria** | 1.376.557 | 1.169.289 | 1.163.662 | 1.213.672 | 1.248.465 | 1.294.801 | 3,7 |
| **413A.- Protección e promoción da saúde pública** | 78.049 | 56.745 | 69.879 | 74.302 | 75.954 | 78.569 | 3,4 |
| **414A.- Formación de graduados e postgraduados** | 44.525 | 45.753 | 49.275 | 50.544 | 52.657 | 55.240 | 4,9 |

**(1) Datos extraídos dos orzamentos do ano de referencia**
Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

## 4.1.2.

sidade de acadar obxectivos de envellecemento activo e saudable, o que se traduce nun incremento dos recursos orzamentarios destinados a programa de gasto como o 413A.- Protección e promoción da saúde, que nos últimos anos aumenta significativamente a súa dotación, pasando de 55,7 millóns de euros no ano 2015, a 78,6 millóns de euros de crédito no orzamento inicial do ano 2020. En termos relativos, dende o ano 2008 o programa que presentou o maior incremento foi o relativo á atención hospitalaria, cunha medra do 27,6%, fronte a un aumento só do 0,7% do gasto dirixido á atención primaria entre os orzamentos iniciais de 2008 e 2020.

### Indicadores de saúde

A ordenación territorial e a estrutura e características demográficas dunha zona condicionan as necesidades do seu sistema sanitario e por tanto a dotación de recursos necesarios para un funcionamento axeitado do mesmo. O feito de que o gasto sanitario aumente exponencialmente en relación á idade media da poboación, comporta que territorios con elevados niveis de envellecemento necesiten un gasto sanitario per cápita superior á media.

Os datos recollidos no **cadro 4.1.3.** reflicten que o 25,2% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2019 tiña

**Indicadores demográficos básicos de Galicia e España 2018-19**

| | 2018 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | | | | España |
| | Total | ZDP | ZIP | ZPP | |
| **Poboación** | 2.701.743 | 988.028 | 994.180 | 719.535 | 46.722.980 |
| **menor de 15 anos** | 322.943 | 125.475 | 132.832 | 64.636 | 6.934.897 |
| **menor de 20 anos** | 429.134 | 165.991 | 176.109 | 87.034 | 9.188.211 |
| **entre 15 e 64 anos** | 1.705.870 | 634.483 | 649.961 | 421.426 | 30.879.932 |
| **65 e máis anos** | 672.930 | 228.070 | 211.387 | 233.473 | 8.908.151 |
| **85 e máis anos** | 122.105 | 38.891 | 34.784 | 48.430 | 1.458.311 |
| **Índices (1)** | | | | | |
| **vellez** | 24,9 | 23,1 | 21,3 | 32,4 | 19,1 |
| **envellecemento** | 156,8 | 137,4 | 120,0 | 268,3 | 97,0 |
| **sobreenvellecemento** | 18,1 | 17,1 | 16,5 | 20,7 | 16,4 |
| **dependencia xeral** | 58,4 | 55,7 | 53,0 | 70,7 | 51,3 |
| **dependencia xuvenil** | 18,9 | 19,8 | 20,4 | 15,3 | 22,5 |
| **dependencia senil** | 39,4 | 35,9 | 32,5 | 55,4 | 28,8 |
| **de recambio** | 1,65 | 1,56 | 1,41 | 2,28 | 1,20 |

| | 2019 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | | | | España |
| | Total | ZDP | ZIP | ZPP | Total |
| **Poboación (1)** | 2.699.499 | 990.938 | 994.428 | 714.133 | 47.026.208 |
| **menor de 15 anos** | 320.091 | 124.703 | 131.207 | 64.181 | 6.885.528 |
| **menor de 20 anos** | 428.653 | 166.329 | 175.441 | 86.883 | 9.207.974 |
| **entre 15 e 64 anos** | 1.699.624 | 634.522 | 648.180 | 416.922 | 31.083.487 |
| **65 e máis anos** | 679.784 | 231.713 | 215.041 | 233.030 | 9.057.193 |
| **85 e máis anos** | 126.805 | 40.492 | 36.385 | 49.928 | 1.510.705 |
| **Índices (2)** | | | | | |
| **vellez** | 25,2 | 23,4 | 21,6 | 32,6 | 19,3 |
| **envellecemento** | 158,6 | 139,3 | 122,6 | 268,2 | 98,4 |
| **sobreenvellecemento** | 18,7 | 17,5 | 16,9 | 21,4 | 16,7 |
| **dependencia xeral** | 58,8 | 56,2 | 53,4 | 71,3 | 51,3 |
| **dependencia xuvenil** | 18,8 | 19,7 | 20,2 | 15,4 | 22,2 |
| **dependencia senil** | 40,0 | 36,5 | 33,2 | 55,9 | 29,1 |
| **de recambio** | 1,65 | 1,55 | 1,42 | 2,27 | 1,21 |

**(1) Zonas densamente poboadas (ZDP), Zonas intermedias (ZIP), Zonas pouco poboadas (ZPP).**
**(2) notas sobre os índices**
**vellez: relación entre a poboación maior de 65 anos e a poboación total;**
**envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos;**
**sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos;**
**dependencia xeral: relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (menores de 15 e maiores de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);**
**dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (menores de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);**
**dependencia senil: relación entre a poboación maior (maiores de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);**
**de recambio: relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos; , mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubilando**

Fonte: INE, IGE

## 4.1.3.

65 anos ou máis, cando no conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 19,3%. O índice de envellecemento, que relaciona a poboación maior de 64 anos con respecto a á poboación menor de 20 anos, mostra que no ano 2019 en Galicia residen en torno a 158 persoas maiores de 64 anos por cada 100 menores de 20, fronte aos 98 maiores de 64 por cada 100 menores de 20 de media no Estado.

Outro indicador relevante é a taxa de dependencia, que expresa a relación existente entre a chamada poboación dependente (menores de 16 e maiores de 64 anos) e a poboación produtiva (de 16 a 64 anos), e que permite aproximar as necesidades que se terán que afrontar e o impacto que terá, para estimar o orzamento que deberá dedicarse a gasto en sanidade, pensións ou atención á dependencia, así como tamén para

**Defuncións en Galicia e España 2017-18: distribución segundo causa**

| | Total | Infecciosas e parasitarias | Tumores | Sistema circulatorio | Sistema Respiratorio | Sistema dixestivo | Outras causas |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | **2017** | | | |
| **Galicia** | 31.962 | 433 | 8.692 | 9.677 | 3.978 | 1.473 | 7.709 |
| **A Coruña** | 12.657 | 163 | 3.441 | 3.982 | 1.516 | 585 | 2.970 |
| **Lugo** | 5.174 | 72 | 1.260 | 1.696 | 616 | 215 | 1.315 |
| **Ourense** | 4.693 | 69 | 1.183 | 1.395 | 680 | 226 | 1.140 |
| **Pontevedra** | 9.438 | 129 | 2.808 | 2.604 | 1.166 | 447 | 2.284 |
| **España** | 424.523 | 6.819 | 113.266 | 122.465 | 51.615 | 20.447 | 109.911 |
| | | | | **2018** | | | |
| **Galicia** | 32.419 | 352 | 8.446 | 9.652 | 4.242 | 1.563 | 8.164 |
| **A Coruña** | 13.098 | 143 | 3.413 | 4.055 | 1.660 | 620 | 3.207 |
| **Lugo** | 5.086 | 48 | 1.187 | 1.577 | 641 | 237 | 1.396 |
| **Ourense** | 4.736 | 58 | 1.207 | 1.382 | 662 | 251 | 1.176 |
| **Pontevedra** | 9.499 | 103 | 2.639 | 2.638 | 1.279 | 455 | 2.385 |
| **España** | 427.721 | 6.398 | 112.714 | 120.859 | 53.687 | 21.689 | 112.374 |

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

## 4.1.4.

prever as políticas de envellecemento activo que se deben por en marcha. A medida que se incrementa esta taxa, aumenta a carga que supón para a parte produtiva da poboación soster á parte economicamente dependente. A taxa de dependencia aumenta en Galicia en maior medida que no conxunto do Estado, acadando en España un valor de 51,3% fronte ao 58,8% que acada en Galicia.

Como cabería esperar dada a estrutura da poboación, o **cadro 4.1.3.** amosa como as zonas pouco poboadas (ZPP) de Galicia presentan unha taxa de dependencia moi superior á media galega e estatal, situándose no último ano en 71,3%. As máis reducidas rexístranse nas denominadas zonas intermedias de poboación, cun 53,4%, situándose esta porcentaxe no 56,2% no caso das zonas densamente poboadas. En 2019 en relación ao ano anterior, as taxas de dependencia en Galicia aumentan en todas as zonas poboacionais indistintamente de cal sexa a súa densidade poboacional.

O saldo vexetativo negativo determina de xeito directo os niveis elevados de envellecemento da pirámide poboacional galega. No ano 2018 (último dato dispoñible), rexistráronse en Galicia un total de 16.563 nacementos, un 10,2% menos que no ano anterior, e 32.402 falecementos, un 1,4% máis que no ano precedente. Tras esta evolución, Galicia mantense como a Comunidade Autónoma co saldo negativo máis elevado, ao situarse en –15.839 fronte aos –13.517 do ano anterior.

En termos relativos, a taxa bruta de mortalidade situouse en Galicia nas 12,01 defuncións por cada 1000 habitantes, o que a sitúa nese ano como a segunda Comunidade Autónoma coa taxa máis elevada, tras Asturias (12,93 defuncións), lonxe das 9,1 defuncións por cada 1.000 habitantes de media no conxunto do Estado. O elevado envellecemento da poboación en Galicia condiciona a súa elevada taxa bruta de mortalidade. Para corrixir este efecto, calcúlanse as taxas de mortalidade estandarizadas que representan a mortalidade das Comunidades Autónomas se todas tiveran a mesma composición de idade. Neste caso, Galicia situaríase en 2018 nunha posición intermedia con 8,2 falecementos por cada 1.000 habitantes, por debaixo da media estatal que é de 8,3 defuncións.

Tal como se observa na maioría dos países de ingresos medios e altos, en Galicia as principais causas de morte no ano 2018 correspóndense con doenzas do grupo das enfermidades do sistema circulatorio (**cadro 4.1.4.**), que provocan o 29,8% das defuncións, seguidas dos tumores e das enfermidades do sistema respirato-

**Defuncións 2018: distribución segundo causa e grupos de idade**

| | Total | grupos de idade | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | 0-39 | 40-64 | 65-79 | 80 e máis |
| **Todas as causas** | 32.419 | 340 | 3.392 | 7.166 | 21.521 |
| **Tumores** | 8.446 | 79 | 1.669 | 3.117 | 3.581 |
| Tráquea, bronquios e pulmón | 1.558 | 5 | 446 | 711 | 396 |
| Colon | 851 | 4 | 123 | 299 | 425 |
| Páncreas | 521 | 2 | 94 | 215 | 210 |
| Próstata | 453 | - | 16 | 135 | 302 |
| Estómago | 471 | 3 | 76 | 158 | 234 |
| Mama | 449 | 9 | 134 | 138 | 168 |
| **Enfermidades do sistema circulatorio** | 9.652 | 21 | 592 | 1.635 | 7.404 |
| Cerebrovasculares | 2.133 | 4 | 115 | 367 | 1.647 |
| Outras enfermidades do corazón | 2.178 | 11 | 139 | 329 | 1.699 |
| Insuficiencia cardíaca | 1.693 | 2 | 54 | 170 | 1.467 |
| Outras enfermidades isquémicas do corazón | 1.303 | 1 | 101 | 274 | 927 |
| Infarto agudo de miocardio | 958 | 1 | 133 | 268 | 556 |
| Hipertensivas | 828 | - | 15 | 104 | 709 |

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

## 4.1.5.

**Defuncións segundo a causa da morte 2018**

| | Galicia | Galicia/España (%) |
|---|---|---|
| **Causas externas de mortalidade** | 1.169 | 7,4 |
| Accidentes de tráfico | 162 | 8,5 |
| Outros accidentes de transporte | 27 | 13,2 |
| Caídas accidentais | 396 | 12,6 |
| Afogamento, sumersión e sofocación accidentais | 97 | 3,1 |
| Accidentes por lume, fume e sustancias quentes | 11 | 7,6 |
| Envenenamento accidental por psicofármacos e drogas de abuso | 33 | 4,6 |
| Outros envenenamentos accidentais | 7 | 4,3 |
| Outros accidentes | 125 | 5,9 |
| Suicidio e lesións autoinflixidas | 274 | 7,7 |
| Agresións (Homicidio) | 12 | 4,4 |
| Eventos de intención non determinada | 6 | 8,1 |
| Complicacións da atención médica e cirúrxica | 5 | 1,4 |
| Outras causas externas e os seus efectos tardíos | 14 | 17,7 |

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

## 4.1.6.

rio, que causan o 26,1% e o 13,1% dos decesos, respectivamente. Dentro do grupo de enfermidades do sistema circulatorio, as denominadas "outras enfermidades do corazón" e as enfermidades cerebro vasculares son as que se sitúan en primeiro e segundo lugar no número de defuncións respectivamente. Entre os tumores, os responsables dun maior número de defuncións son o cancro de traquea, bronquios e pulmón, seguido do cancro de colon (**cadro 4.1.5.**).

O **cadro 4.1.6.** presenta datos das denominadas causas externas de morte, entendidas como aquelas que teñen a súa orixe en accidentes, violencia, acontecementos ambientais, envelenamento entre outras. Tendo estes datos en conta, en Galicia destacan por número de decesos, as caídas accidentais con 396 defuncións por esa causa, o 12,6% do total estatal, e os suicidios e lesións autoinfrinxidas con 274 defuncións no ano 2018, último dispoñible, o 7,7% do total estatal (8,8% no ano anterior).

**Suicidios segundo sexo e Comunidade Autónoma de residencia 2017-18**

| | 2017 | | | 2018 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total |
| **Andalucía** | 506 | 186 | 692 | 505 | 148 | 653 |
| **Aragón** | 73 | 27 | 100 | 95 | 25 | 120 |
| **Asturias** | 91 | 43 | 134 | 97 | 41 | 138 |
| **Baleares** | 71 | 32 | 103 | 54 | 17 | 71 |
| **Canarias** | 147 | 53 | 200 | 154 | 39 | 193 |
| **Cantabria** | 18 | 9 | 27 | 23 | 5 | 28 |
| **Castela e León** | 155 | 63 | 218 | 158 | 55 | 213 |
| **Castela-A Mancha** | 126 | 31 | 157 | 94 | 38 | 132 |
| **Cataluña** | 374 | 130 | 504 | 381 | 141 | 522 |
| **C. Valenciana** | 280 | 117 | 397 | 293 | 103 | 396 |
| **Estremadura** | 61 | 16 | 77 | 58 | 12 | 70 |
| **Galicia** | 242 | 81 | 323 | 192 | 82 | 274 |
| **Madrid** | 251 | 90 | 341 | 232 | 110 | 342 |
| **Murcia** | 82 | 16 | 98 | 94 | 33 | 127 |
| **Navarra** | 39 | 9 | 48 | 28 | 11 | 39 |
| **País Vasco** | 136 | 46 | 182 | 115 | 48 | 163 |
| **A Rioxa** | 20 | 5 | 25 | 16 | 5 | 21 |
| **Ceuta e Melilla** | 4 | 1 | 5 | 2 | - | 2 |
| **Estranxeiro** | 42 | 6 | 48 | 28 | 7 | 35 |
| **Total** | 2.718 | 961 | 3.679 | 2.619 | 920 | 3.539 |
| **Galicia / España (%)** | 8,9 | 8,4 | 8,8 | 7,3 | 8,9 | 7,7 |

Fonte: Consejo General del Poder Judicial, Estadísticas Judiciales

## 4.1.7.

Os datos do Consejo General do Poder Judicial amosan, **cadro 4.1.7.**, que o 70% dos suicidios rexistrados en Galicia corresponden a homes fronte ao 30% restante, entre as mulleres, situándose estas porcentaxes no conxunto do Estado no 74% e 26%, respectivamente. Atendendo á desagregación segundo os distintos grupos de idade, o maior número de casos corresponde ás persoas cunha idade comprendida entre 55 e 59 anos, con 31 suicidios, seguido polas persoas entre 60 e 64 e 80-84, con 28 casos cada grupo. Esta mesma situación acontece no caso dos homes, en tanto que no caso das mulleres, non parece existir un grupo destacado en función da idade, con semellante número de casos en moi diversos grupos de idade.

No que atinxe á saúde materno-infantil, no ano 2018 aumenta levemente a taxa de mortalidade infantil, acadando en Galicia as 2,36 defuncións por cada mil nacidos vivos fronte ás 2,22 defuncións do ano anterior. De igual xeito que no ano anterior, e a diferencia de anos anteriores a 2017, a taxa de mortalidade infantil en Galicia é inferior á media estatal, que no ano 2018 foi de 2,69 falecementos por cada mil nacidos vivos. Comparado co resto das Comunidades Autónomas, tras o aumento do último ano, Galicia pasa de ser a terceira CCAA con menor taxa de mortalidade infantil a descender ata o sexto posto tras Navarra (1,85), Aragón (1,9), Castela e León (2,26) e Castela - A Mancha (2,34).


En relación á taxa de interrupción voluntaria do embarazo (IVE), o número de interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos mantívose estable en Galicia no ano 2018 (último dato dispoñible) nas 6,5 interrupcións. Este datos sitúa a Galicia coa CCAA cunha taxa máis reducida, moi por debaixo da taxa media no conxunto do Estado que foi en 2018 de 11,1 interrupcións.

Os datos proporcionados polo Rexistro Nacional de Casos de SIDA reflicten que, segundo as notificacións recibidas no ano 2018, rexistráronse en Galicia 119 novos casos de SIDA (123 no ano anterior). O total de casos diagnosticados en Galicia dende o ano 2004, primeiro que aporta datos, é de 2.778, o 5,2% do total estatal.

No concernente aos problemas de saúde crónicos máis frecuentes, o **cadro 4.1.8.** reflicte a porcentaxe de poboación de 15 e máis anos que declara ter padecido

**Principais problemas crónicos de saúde en Galicia e España 2017**

*(% de poboación de 15 e máis anos que declara telos parecido nos últimos doce meses e diagnosticados por un médico)*




Fonte: Ministerio de Sanidad

## 4.1.8.

estes problemas e que foron diagnosticado por un médico é superior en Galicia que no conxunto do Estado en todos os problemas considerados. Nos casos da hipertensión (24,2%), colesterol alto (26,1%) e alerxia (20,9%), Galicia sitúase como a Comunidade Autónoma con maior porcentaxe de persoas que padecen este problema, situándose en segundo lugar tras Asturias no relativo ao dolor lumbar (27,6%), artroses (25,9%) e saúde mental (16,2%).

Por contra, fronte aos devanditos problemas crónicos más frecuentes os indicadores relativos ao consumo de alcohol, cannabis ou o tabaco presentan mellores resultados en Galicia que en España. Dunha banda, no ano 2017, último dato dispoñible, o 24,8% da poboación galega de 15 ou máis anos consume alcohol alomenos unha vez por semana fronte ao 36,5% no conxunto do Estado. Doutra, a porcentaxe de persoas de 15 ou máis anos que se declara fumadora ascende en Galicia ata o 17,8% fronte ao 22,1 en España, en tanto que a porcentaxe de poboación de 15 a 64 anos que recoñece consumir cannabis no último ano é do 9,3% en Galicia fronte ao 11% en España.

Finalmente, outro indicador de saúde é a sinistralidade, tanto provocada por accidentes laborais como de tráfico. Tras o descenso experimentado en Galicia no ano 2017, o número de vítimas mortais en estradas experimenta en 2018 un importante incremento. O número total de persoas falecidas na Comunidade galega nas 24 horas seguintes ao accidente mortal ascendeu en 2018 ata as 104, 28 persoas máis que no ano anterior, o que contrasta co descenso producido no conxunto do Estado (18 persoas falecidas menos). Tras esta evolución, as estradas galegas concentraron o 8,8% do total de vítimas estatais, situándose como a quinta Comunidade Autónoma con maior número de vítimas tras Cataluña, Andalucía, a Comunidade Valenciana e Castela e León.

En relación aos accidentes laborais, o cadro 2.3.10. [Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2017-18: distribución segundo a gravidade e sector económico] reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia aumentou no último ano un 2,4% para situarse nos 27.941 accidentes. En termos relativos, o índice de incidencia descendeu en Galicia dende os 3.399 accidentes por cada 100.000 traballadores afiliados con continxencia de traballo cuberta de 2017 ata os 3.374 accidentes en 2018.

**Centros sanitarios 2019: distribución provincial e segundo EOXI (1)**

| Áreas Sanitarias | Atención primaria | | | Atención Especializada | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Zonas básicas | Centros de saúde | Consultorios locais | Número total de hospitais | Hospitais dependencia funcional Sergas |
| **A Coruña** | 93 | 133 | 29 | 12 | 5 |
| Área Sanitaria Coruña-Cee | 36 | 59 | 12 | | |
| Área Sanitaria Ferrol | 20 | 25 | 5 | | |
| Área Sanitaria Santiago-Barbanza | 37 | 49 | 12 | | |
| **Lugo** | 67 | 73 | 11 | 5 | 3 |
| Área Sanitaria Lugo-A Mariña-Monforte | 67 | 73 | 11 | | |
| **Ourense** | 92 | 100 | 9 | 5 | 3 |
| Área Ourense-Verín-O Barco | 92 | 100 | 9 | | |
| **Pontevedra** | 61 | 92 | 18 | 14 | 3 |
| Adscritos Área de Santiago | 9 | 12 | 2 | | |
| Área Sanitaria Pontevedra-Salnés | 26 | 36 | 8 | | |
| Ärea Sanitaria Vigo | 26 | 44 | 8 | | |
| **Total** | 313 | 398 | 67 | 36 | 14 |

[consulta: 06-02-2020)
Fonte: Ministerio de Sanidad

## 4.1.9.

## Indicadores de centros sanitarios

Os datos do Barómetro sanitario de 2018 publicado polo Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social reflicten unha valoración positiva do sistema sanitario galego, acadando unha puntuación de 6,43 puntos sobre 10. Este grado de satisfacción é máis elevado no caso das consultas de atención primaria, con 7,47 puntos, que no caso das consultas de atención especializada (6,59 puntos) e nas urxencias hospitalarias (6,03 puntos). Comparado co conxunto do Estado, o grao de satisfacción do sistema sanitario é superior en España, que presenta unha puntuación de 6,57 puntos sobre 10, situándose ademais por riba no caso da atención especializada, cunha valoración de 7,31 puntos. Por contra, a valoración da atención primaria en Galicia é superior á media estatal, onde se puntúa con 7,31 puntos fronte aos devanditos 7,47 na Comunidade Autónoma.


Non obstante, a pesar desta menor valoración relativa, cómpre resaltar que a porcentaxe de cidadáns que manifestan que o sistema sanitario galego funciona ben ou bastante ben aínda que necesite algúns cambios ascende ata o 70,2%, tres décimas máis que o sinalado no ano anterior, situándose esta porcentaxe no 68,3% no conxunto do Estado.

Os principais problemas que teñen de ser solucionados en opinión dos galegos son os das listas de agarda para seren atendidos, citadas polo 85% dos entrevistados, e a masificación (conxestión) das urxencias dos hospitais, citado polo 59,9%, situándose en ambos os dous casos por baixo da media estatal, que se sitúa no 86,8% e 67,7%, respectivamente. A continuación situaríanse o pouco tempo que se lle dedica aos pacientes nas consultas e o copago de medicamentos, cun 40,9% e 37,8%, porcentaxes neste caso superiores aos rexistrados para o conxunto do sistema sanitario español (citados polo 38,8% e 36,4% dos entrevistados).

Os datos de centros sanitarios, tanto no que respecta a aspectos cuantitativos referidos a recursos materiais e humanos, como os reflectidos nos datos de volume e tempo de agarda nas listas de espera, son un indicador básico do funcionamento do sistema sanitario.

A estrutura organizativa do sistema galego de saúde divídese en áreas de xestión integradas, que á súa vez se subdividen en zonas básicas de saúde, que son o marco territorial da atención primaria. Como se reflicte no **cadro 4.1.9.**, Galicia conta con sete áreas de xestión in-

**Camas nos hospitais galegos 2008-19** (1)




**(1) os datos de camas corresponden a 31 de decembro do ano anterior**
Fonte: IGE

## 4.1.10.

tegrada que se encargan da xestión das 11 áreas sanitarias.

No que respecta aos distintos niveis de atención, o nivel asistencial que representa a entrada ao sistema sanitario é a atención primaria, sendo os centros de saúde os dispositivos asistenciais principais. Segundo os datos publicados polo Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social, Galicia conta con 398 centros de saúde e 67 consultorios locais. En canto á atención especializada, que se presta en centros de especialidade e en hospitais, Galicia dispón de 36 hospitais, dos que 14 dependen funcionalmente do Servizo Galego de Saúde.


Tal como se observa no **gráfico 4.1.10.**, no ano 2019 diminúe lixeiramente o número de camas instaladas nos hospitais galegos, de xeito que a 31 de decembro de 2019 existían un total de 9.809 camas instaladas, 52 menos que no ano anterior, o que representa 3,63 camas por cada mil habitantes.

Dentro dos indicadores que permiten valorar o funcionamento do sistema sanitario, é fundamental ter en conta o concernente aos recursos humanos. Segundo os datos publicados polo IGE, o número de profesionais integrados no modelo de atención primaria do Sergas a 31 de decembro de 2017 ascendía a 7.424 persoas, das que 2.595 son médicos e 2.168 ATS-DUE. En termos relativos, tal como se mostra no gráfico 4.1.11., Galicia conta con 2,74 profesionais de atención primaria por casa 1.000 habitantes, e un pediatra por cada 1.000 nenos menores de 14 anos.

No último ano exerceron en Galicia 450,6 médicos e 525,1 profesionais de enfermería por cada 100.000 habitantes, cadro 4.1.12., por debaixo en ambos casos da media estatal, que se sitúa en 477 médicos e 560,3 enfermeiros/as por cada 100.000 habitantes.

Os datos presentados nos c**adros 4.1.13. e 4.1.14**. rexistran o número de profesionais en atención primaria e especializada en termos de medias diarias o que permite evitar o sesgo provocado pola estacionalidade das contratación en períodos onde se incrementan as patoloxía sou en períodos vacacionais. En 2017 de media en Galicia exercen diariamente 2.558 médicos de familia e 2.568 enfermeiros/as. No que respecta á atención

**Persoal sanitario 2008-18 (1)**




**(1) datos a 31 de decembro de cada ano.**
**(2) Non existen datos de número de pediatras nin de profesionais de atención primaria para os anos 2009 e 2011. Co obxecto de non distorsionar o gráfico e dada a estabilidade da serie tomamos para os anos 2009 e 2011 os datos rexistrados no ano anterior**

Fonte: IGE

## 4.1.11.

**Persoal sanitario colexiado (non xubilado) nas CC.AA. 2019**

| | Médicos | Enfermeiros | Enfermeiros-especialidade matrona | Dentistas | Farmaceúticos |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(colexiados por 100.000 habitantes)* | | *(colexiados por 100.000 mulleres entre 15 e 49 anos)* | *(colexiados por 100.000 habitantes)* | |
| **Andalucía** | 410,4 | 439,2 | 59,6 | 73,0 | 139,9 |
| **Aragón** | 563,8 | 571,0 | 73,3 | 69,0 | 124,2 |
| **Asturias** | 525,9 | 674,1 | 43,9 | 83,0 | 125,9 |
| **Baleares** | 431,1 | 544,5 | 72,6 | 65,7 | 104,7 |
| **Canarias** | 456,3 | 289,5 | 23,3 | 61,3 | 134,1 |
| **Cantabria** | 531,2 | 652,9 | 120,1 | 70,7 | 121,9 |
| **Castela e León** | 505,0 | 706,8 | 106,8 | 62,9 | 156,1 |
| **Castela-A Mancha** | 386,9 | 586,1 | 70,6 | 49,4 | 131,0 |
| **Cataluña** | 479,7 | 623,8 | 61,3 | 76,2 | 138,5 |
| **C. Valenciana** | 445,3 | 523,9 | 72,4 | 82,0 | 142,5 |
| **Estremadura** | 471,5 | 692,0 | 75,8 | 55,7 | 145,9 |
| **Galicia** | 452,5 | 492,5 | 59,3 | 80,3 | 170,5 |
| **Madrid** | 602,6 | 667,7 | 85,2 | 126,9 | 195,9 |
| **Murcia** | 459,7 | 458,7 | 82,1 | 78,0 | 112,4 |
| **Navarra** | 542,2 | 859,7 | 122,2 | 58,4 | 214,6 |
| **País Vasco** | 549,4 | 767,5 | 126,8 | 84,7 | 145,8 |
| **A Rioxa** | 457,4 | - | - | 76,1 | 135,8 |
| **Ceuta** | 354,8 | 614,6 | 105,7 | 45,1 | 105,6 |
| **Melilla** | 346,0 | 707,3 | 140,1 | 52,8 | 99,7 |
| **Total** | 481,2 | 565,8 | 71,6 | 80,4 | 148,4 |

Fonte: INE, *Estadística de Profesionales Sanitarios Colegiados*

## 4.1.12.

**Recursos humanos en atención primaria 2018: distribución por categoría profesional(1)**

| | Profesionais |
|---|---|
| Celador/a | 404 |
| Condutor/a | 28 |
| Costureiro/a | 1 |
| Electricista | 4 |
| Enfermeiro/a | 2.568 |
| Enxeñeiro/a Técnico/a | 3 |
| Facultativo/a Esp. Area | 2 |
| Farmacéutico/a A.P. | 75 |
| Fisioterapeuta | 158 |
| Grupo Admvo. Función Admva. | 25 |
| Grupo Auxiliar Función Admva. | 371 |
| Grupo Técnico Función Admva. | 21 |
| Grupo Xestión Función Admva. | 23 |
| Lavandeiro/a | 2 |
| Limpiador/a | 6 |
| Matrón/a | 158 |
| Mecánico/a | 1 |
| Médico de Familia | 2.558 |
| Odontólogo/a A.P. | 112 |
| Pasador/a de Ferro | 3 |
| Pediatra A.P. | 292 |
| Persoal Servizos Xerais | 1.114 |
| P.Tec.Sup. Preven. Riscos Lab. | 1 |
| Tec. Coidados Aux. Enfermaría | 274 |
| Técnico/a de Saúde de A.P. | 7 |
| Técnico/a Esp. Sistemas e T.I | 8 |
| Técnico/a Xestion Sistemas TI | 6 |
| Técnico Superior Especialista | 102 |
| Telefonista | 9 |
| Traballador/a Social | 78 |
| Xefe/a Taller | 1 |
| Total | 8.415 |

**(1) medias diarias**
Fonte: SERGAS, *Recursos humanos*

## 4.1.13.

**Atención especializada 2014-18 (1): evolución do persoal facultativo e do persoal en formación**

| | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Persoal facultativo** | 4.617 | 4.653 | 4.757 | 4.835 | 4.901 |
| **Persoal en formación (2)** | 1.064 | 1.048 | 1.029 | 1.371 | 1.399 |


**(1) medias diarias**
**(2) inclúe a licenciados e diplomados sanitarios en AE e AP**
Fonte: SERGAS, *Recursos humanos*

## 4.1.14.

**Lista de espera estrutural cirúrxica 2019** (1)

| | Total | 0-3 meses | 3-6 meses | 6-12 meses | máis 12 meses | Tempo medio de espera (en días) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total centros Sergas** | 32.874 | 27.812 | 4.745 | 317 | - | 53,9 |
| **A.S. A Coruña - Cee** | 7.680 | 6.016 | 1.449 | 215 | - | 63,8 |
| **A.S. Santiago - Barbanza** | 6.154 | 5.066 | 1.088 | - | - | 55,5 |
| **A.S. Ferrol** | 1.915 | 1.834 | 81 | - | - | 39,2 |
| **A.s. Lugo - A Mariña - Monforte** | 3.693 | 3.508 | 185 | - | - | 42,7 |
| **A.S. Ourense - Verín - O Barco** | 3.499 | 3.128 | 337 | 34 | - | 48,2 |
| **A.S. Pontevedra - Salnés** | 2.727 | 2.636 | 90 | 1 | - | 35,6 |
| **A. S. Vigo** | 7.206 | 5.624 | 1.515 | 67 | | 61,2 |
| **Hospital Povisa** | 2.846 | 2.177 | 669 | - | - | 62,0 |

**Tempo medio de espera 2008-19** (2)




**(1) a lista de espera estrutural cirúrxica inclúe a todos os pacientes que nun momento dado están en espera da realización dunha intervención cirúrxica en quirófano, tanto con ingreso como ambulatoria, e así a espera é atribuíble á organización dos recursos dispoñibles.**
**(2) calculado como o cociente do total de días en espera estrutural entre a data de inclusión e a data de análise e o total de pacientes pendentes en espera estrutural na data de análise.**

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

## 4.1.15.

especializada, o persoal facultativo exercendo diariamente de media foi de 4.901 persoas, e 1.399 facultativos en formación.

Un dos obxectivos prioritarios a acadar no ámbito sanitario é a redución das listas de agarda e do tempo medio que teñen que agardar os pacientes para ser operados. Segundo os datos do Servizo Galego de Saúde (Sergas), a lista de agarda estrutural cirúrxica, incluíndo o H. Povisa, ascendía a 32.874 persoas no ano 2019, 2.498 persoas menos que no ano anterior; reducíndose o tempo medio de agarda dende os, 61,6 días no ano 2018 ata os 54,5 días de 2019 (entre os anos 2011 e 2014 este tempo de agarda superaba os 80 días).

Das sinaladas 32.874 persoas en lista de espera estrutural cirúrxica, o 84,6% teñen que agardar menos de tres meses para operarse, fronte ao 14,4% correspondente a un tempo de tres a seis meses e o 1% restante a persoas que esperan máis de seis meses (**cadro 4.1.15.**).

O 24,5% do total de doentes inscritos na lista estrutural cirúrxica dos hospitais propios do Sergas, son da especialidade de traumatoloxía, descendendo a súa espera media ata os 62 días (75,2 días no ano anterior). A seguinte especialidade e número de paciente en lista de agarda é a Oftalmoloxía ( 23,5%) e a ciruxía xeral e dixestiva (16,5%), sendo a espera media nas citadas es-

**Lista de espera cirúrxica a 31 de decembro de 2019: distribución por servizos**

| | SERGAS | | | POVISA | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | pacientes en lista de espera estrutural | | tempo medio de espera | pacientes en lista de espera estrutural | | tempo medio de espera |
| | total | 0-3 meses | (en días) | total | 0-3 meses | (en días) |
| **Total especialidades** | 32.874 | 27.812 | 53,9 | 2.846 | 2.177 | 62,0 |
| **Anxioloxía / Cir. Vascular** | 1.572 | 1.484 | 43,0 | 137 | 102 | 64,5 |
| **Cirurxía cardíaca** | 255 | 214 | 53,5 | - | - | - |
| **Cirurxía maxilofacial** | 242 | 214 | 51,6 | 316 | 223 | 67,7 |
| **Cirurxía pediátrica** | 688 | 588 | 57,8 | - | - | - |
| **Cirurxía plástica e reparadora** | 1.104 | 759 | 71,9 | 177 | 123 | 60,8 |
| **Cirurxía torácica** | 107 | 106 | 31,1 | - | - | - |
| **Cirurxía xeral e dixestiva** | 5.409 | 4.574 | 51,5 | 461 | 356 | 59,1 |
| **Dermatoloxía** | 944 | 804 | 47,7 | - | - | - |
| **Neurocirurxía** | 575 | 418 | 64,0 | 37 | 32 | 48,5 |
| **Oftalmoloxía** | 7.736 | 6.832 | 50,5 | 636 | 579 | 53,9 |
| **Otorrinolaringoloxía** | 2.313 | 1.850 | 56,9 | 74 | 60 | 53,8 |
| **Traumatoloxía** | 8.043 | 6.499 | 62,0 | 790 | 532 | 70,3 |
| **Uroloxía** | 2.509 | 2.247 | 44,1 | 136 | 97 | 63,7 |
| **Xinecoloxía** | 1.377 | 1.223 | 45,7 | 82 | 73 | 47,8 |

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*



pecialidades nos centros do Sergas de 50,5 e 51,5 días respectivamente.

No caso das patoloxías máis graves (prioridade 1), o tempo medio de espera nos hospitais do Sergas, a 31 de decembro de 2019, situouse nos 17 días (19,9 días no ano anterior), cumprindo polo tanto o obxectivo inicial, que estaba fixado en 30 días. De igual xeito, acádase o obxectivo establecido no caso das patoloxías de prioridade 2 (60 días) ao presentar un tempo de espera medio de 54,9 días (64,4 no ano precedente).

No concernente ás listas de agarda de consultas externas nos hospitais do Sergas, **cadro 4.1.17.**, a 31 de decembro de 2019 había un total de 166.827 persoas en lista de espera, o que supón un descenso de 6.505 persoas (3,7% menos). Así mesmo, o tempo medio de espera redúcese no último ano ata os 41,5 días fronte aos 44,8 días do ano anterior. As especialidades con maior número de persoas en lista de espera son as de oftalmoloxía e traumatoloxía, con 25.727 e 23.935 persoas cada unha, situándose a espera media en 45,2 días e 46,3 días, respectivamente. As especialidades con maior tempo medio de espera son as de alergoloxía, neurociruxía e dermatoloxía con 56,2, 48,5 e 48,3 días respectivamente.

Respecto ás listas de agarda de probas diagnósticas, a radioloxía é a que presenta o maior número de persoas en lista de agarda, con 66.695, situándose o seu tempo medio de espera en 59,9 días. Séguelle en importancia as endoscopias, con 8.832 pacientes en lista de agarda, ascendendo o seu tempo medio de espera a 119,9 días.

Finalmente, no que respecta ás doazóns e transplantes, España volve a ser o líder mundial en doazóns e rexistra novamente no ano 2019 máximos históricos no que se refire ao número de doantes e transplantes de órganos sólidos, con 2.301 doantes e 5.449 transplantes. En termos relativos, España acada unha taxa de 48,9 doantes por millón de poboación fronte aos 48 do ano anterior. Galicia presenta tamén esta tendencia positiva, aumentando o número de doantes dende os 116 ata os 136 do último ano, o que supón 50,6 doantes por millón de poboación, fronte aos 43 doantes/mp do ano anterior.

## Indicadores de gasto sanitario público

Tomando como referencia o orzamento inicial de gasto, Galicia presenta por quinto ano consecutivo un incre-

**Lista de espera de consultas externas nos hospitais do Sergas 2019**

| | 0 - 3 m | 3 - 6 m | 6 - 12 m | TOTAL | Tempo medio de espera |
|---|---|---|---|---|---|
| **Alergoloxía** | 4.533 | 970 | - | 5.503 | 56,2 |
| **Anestesioloxía e reanimación** | 852 | - | - | 852 | 31,9 |
| **Anxioloxía e cirurxia vascular** | 2.067 | 63 | - | 2.130 | 42,7 |
| **Cardioloxía** | 4.145 | 114 | - | 4.259 | 34,6 |
| **Cirurxía cardíaca** | 17 | - | - | 17 | 17,1 |
| **Cirurxía maxilofacial** | 535 | - | - | 535 | 27,1 |
| **Cirurxía pediátrica** | 345 | - | - | 345 | 16,0 |
| **Cirurxía plástica e reparadora** | 693 | - | - | 693 | 32,2 |
| **Cirurxía torácica** | 55 | - | - | 55 | 11,2 |
| **Cirurxía xeral e dixestiva** | 6.967 | 150 | - | 7.117 | 34,3 |
| **Dermatoloxía** | 13.319 | 1.853 | 15 | 15.187 | 48,3 |
| **Dixestivo** | 4.593 | 11 | - | 4.604 | 35,2 |
| **Endocrinoloxía** | 3.226 | 54 | - | 3.280 | 34,8 |
| **Hematoloxía clínica** | 447 | - | - | 447 | 29,4 |
| **Medicina interna** | 1.404 | 1 | - | 1.405 | 22,6 |
| **Medicina nuclear** | 1 | - | - | 1 | - |
| **Nefroloxía** | 365 | - | - | 365 | 20,1 |
| **Neumoloxía** | 2.159 | 3 | - | 2.162 | 26,4 |
| **Neurocirurxía** | 1.947 | 233 | - | 2.180 | 48,5 |
| **Neuroloxía** | 8.294 | 89 | - | 8.383 | 41,4 |
| **Obstetricia** | 502 | - | - | 502 | 11,5 |
| **Oftalmoloxía** | 23.992 | 1.733 | 2 | 25.727 | 45,2 |
| **Oncoloxía médica** | 163 | - | - | 163 | 7,1 |
| **Otorrinolaringoloxía** | 10.373 | - | - | 10.373 | 33,5 |
| **Pediatría** | 3.381 | 144 | - | 3.525 | 36,2 |
| **Psiquiatría** | 7.722 | 689 | - | 8.411 | 43,0 |
| **Radioterapia** | 93 | - | - | 93 | 9,3 |
| **Rehabilitación** | 13.346 | 897 | - | 14.243 | 42,7 |
| **Reumatoloxía** | 3.005 | 139 | - | 3.144 | 36,1 |
| **Traumatoloxía** | 21.582 | 2.353 | - | 23.935 | 46,3 |
| **Uroloxía** | 6.835 | 194 | - | 7.029 | 37,5 |
| **Xeriatría** | 137 | - | - | 137 | 21,2 |
| **Xinecoloxía** | 10.025 | - | - | 10.025 | 38,9 |
| **Total** | 157.120 | 9.690 | 17 | 166.827 | 41,5 |

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

## 4.1.17.


**Lista de espera de probas diagnósticas nos hospitais do Sergas 2019**

| | 0 - 3 m | 3 - 6 m | 6 - 12 m | más 12 m | TOTAL | Tempo medio de espera |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Radioloxía** | 52.519 | 10.391 | 3.742 | 43 | 66.695 | 59,9 |
| **Medicina nuclear** | 96 | 1 | - | - | 97 | 19,6 |
| **Endoscopias** | 4.715 | 1.945 | 1.708 | 464 | 8.832 | 119,8 |
| **Electrofisioloxía** | 3.510 | 629 | 4 | - | 4.143 | 48,9 |
| **Estudos** | 4.261 | 598 | 347 | 3 | 5.209 | 59,3 |

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

## 4.1.18.

**Doantes por cada millón de habitantes en Galicia e España 2008-2019**




Fonte: Organización Nacional de Trasplantes

## 4.1.19.


mento do seu gasto sanitario, que se sitúa en 3.988 millóns de euros, o quinto máis elevado de todo o Estado. Este importe representa o 6,4% do total estatal, porcentaxe superior ao peso relativo da poboación galega (5,7%). En relación ao ano anterior, este incremento foi do 3,3%, 1,5 puntos por riba da media española.

O aumento do gasto sanitario unido ao estancamento da poboación, produce nunha nova medra do gasto sanitario medio por habitante. En termos por habitante, o gasto total ascendeu a 1.476,8 euros, superior ao gasto medio a nivel estatal que se sitúa en 1.327,5 euros. Ao longo do período 2008-2019 o gasto sanitario per cápita en Galicia sitúase por riba da media española, rexistrándose o diferencial máis acusado no último ano, cun diferencial de 149,3 euros (116,49 euros no ano anterior) **(cadro 4.1.20.**).

Finalmente, no que respecta á evolución do gasto público en farmacia a través de receitas oficiais facturadas, no ano 2019 en Galicia aumenta o gasto farmacéutico nun 1,2% ata situarse en 718,9 millóns de euros, o que debe a a un aumento no número de receitas facturadas, un 1,6% máis que no ano precedente. Tras esta evolución o importe medio por receita descende a 11,22 euros, un 0,4% menos que no ano anterior (**cadro 4.1.21.**).

Este aumento no gasto farmacéutico mantén a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma co gasto máis

**Gasto sanitario en euros por habitante en Galicia e España 2008-19**




(Año 2019 provisional)
Fonte: Ministerio de Sanidad, *Recursos económicos del Sistema Nacional de Salud*

## 4.1.20.

**Prestación farmacéutica a través de receita nas CC.AA. 2019**

| | Gasto farmacéutico | | | Receitas facturadas | | | Gasto medio por receita facturada | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2019 | 19/18 | 19/11 (1) | 2019 | 19/18 | 19/11 (1) | 2019 | 19/18 |
| | *(en millóns de euros)* | *(%)* | *(%)* | *(nº)* | *(%)* | *(%)* | *(en euros)* | *(%)* |
| **Andalucía** | 1.901,2 | 3,7 | 4,3 | 180.687.669 | 3,1 | 1,0 | 10,52 | 0,57 |
| **Aragón** | 334,2 | 1,4 | -4,7 | 28.826.214 | 1,5 | -2,0 | 11,59 | - 0,17 |
| **Asturias** | 283,5 | 1,7 | -10,6 | 24.711.972 | 1,6 | -2,3 | 11,47 | 0,09 |
| **Baleares** | 226,5 | 9,8 | 10,8 | 18.784.871 | 6,0 | 3,7 | 12,06 | 3,61 |
| **Cantabria** | 150,2 | 2,7 | 6,2 | 13.396.349 | 2,7 | 15,0 | 11,21 | - |
| **Castela-A Mancha** | 524,4 | 2,6 | -2,7 | 45.930.597 | 3,4 | -0,3 | 11,42 | - 0,78 |
| **Castela e León** | 631,6 | 2,7 | -4,9 | 54.229.629 | 2,6 | 0,8 | 11,65 | 0,09 |
| **Cataluña** | 1.502,2 | 3,0 | -10,7 | 139.469.851 | 1,8 | -9,7 | 10,77 | 1,22 |
| **Canarias** | 530,1 | 7,6 | 8,8 | 47.200.470 | 5,8 | 13,2 | 11,23 | 1,63 |
| **C. Valenciana** | 1.290,5 | 1,9 | -8,3 | 111.086.919 | 0,8 | -2,7 | 11,62 | 1,13 |
| **Estremadura** | 323,6 | 1,2 | -1,7 | 27.378.886 | 2,4 | 1,1 | 11,82 | - 1,17 |
| **Galicia** | 718,9 | 1,2 | -13,3 | 64.078.316 | 1,6 | -3,9 | 11,22 | - 0,36 |
| **Madrid** | 1.280,0 | 3,2 | 7,9 | 120.513.041 | 4,8 | 9,5 | 10,62 | - 1,58 |
| **Murcia** | 377,2 | 8,6 | -2,2 | 32.104.031 | 4,5 | 2,2 | 11,75 | 3,89 |
| **Navarra** | 136,4 | -0,2 | -8,0 | 11.856.762 | 0,2 | -3,6 | 11,50 | - 0,52 |
| **País Vasco** | 479,3 | -1,6 | -10,3 | 42.108.830 | 0,1 | -3,3 | 11,38 | - 1,73 |
| **A Rioxa** | 73,4 | 0,7 | -7,4 | 6.413.275 | 2,0 | 0,8 | 11,45 | - 1,29 |
| **Ceuta** | 15,9 | 0,1 | 10,7 | 1.299.247 | 0,1 | 5,9 | 12,27 | - 0,08 |
| **Melilla** | 14,7 | 1,5 | 21,8 | 1.131.274 | 1,4 | 7,8 | 13,03 | 0,08 |
| **Total** | 10.794,0 | 3,0 | -3,1 | 971.208.203 | 2,7 | -0,2 | 11,11 | 0,27 |

**(1) variación antes/despois da reforma do modelo de prestación farmaceútica**
Fonte: Ministerio de Sanidad, *Facturación de recetas médicas*

## 4.1.21.

elevado, tras Andalucía, Cataluña, a Comunidade Valenciana e Madrid. Non obstante, a reforma do modelo de prestación farmacéutica implantada en 2011 son contribuíu á redución do gasto sanitario, neste senso, en relación ao ano 2011, o gasto farmacéutico descendeu nun 13,3% en Galicia, a porcentaxe máis elevada de todas as CC.AA., 10,2 puntos porcentuais máis que na media do Estado. ❑